



O GRUPO POLÍTICO PROVINCIAL DE COMPOSTELA ABERTA, AO ABEIRO DO DISPOSTO NO REGULAMENTO ORGÁNICO DA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN DIRIXIDA AO PLENO, PARA PROMOVER A ADHESIÓN DA DIPUTACIÓN E DOS CONCELLOS DA PROVINCIA Á REDE INTERNACIONAL DE CIDADES DA INFANCIA

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Desde que no ano de 1991 Francesco Tonucci publicara en castelán –e posteriormente, fora traducida ao galego- a súa obra *A cidade dos nenos*, foron moitos profesores e profesoras, pero tamén arquitectos e arquitectas, urbanistas, alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras, quen atoparon nel non só unha referencia modélica, senón unha permanente fonte de inspiración para ver as cidades doutra maneira, para as construír e planificar pensando nas nenas e nos nenos porque, dese xeito, as faremos moito máis humanas e amigables.

Na actualidade, a experiencia, impulsada por Tonucci, que partiu da cidade italiana de Fano, deu lugar á creación dunha Rede internacional de Cidades da Infancia en Italia, en Europa, en América Latina, e en todo o mundo. No conxunto do Estado español son preto de 70 as cidades e concellos que forman parte desta Rede. Recentemente, a Deputación de Pontevedra e 14 municipios da provincia adheríronse á mesma, seguindo o exitoso precedente da capital provincial.

As entidades e corporacións adheridas non só se comprometen a impulsar as relacións e o intercambio de experiencias entra as cidades na Rede, a promover políticas públicas de actuacións nos espazos urbanos en beneficio das persoas e do seu papel protagonista nas cidades en relación cos coches, as peonalizacións e as limitacións urbanísticas e de tráfico, para facelas máis humanas, senón tamén a crear o Consello Municipal da Infancia, para que os cativos e cativas tamén teñan voz sobre a cidade que desexan ou poñer en marcha os Camiños Escolares Seguros para que retomen as rúas e prazas e poidan ir sós ás escolas.

Por estes motivos, o Grupo Provincial de Compostela Aberta propón a adopción do seguinte acordo:

A Deputación Provincial de A Coruña acorda iniciar o expediente para solicitar oficialmente a súa adhesión á Rede Internacional de Cidades da Infancia impulsada por Francesco Tonucci.

A Coruña, a 29 de xuño de 2016

Asdo.: Dn. Manuel Dios Diz  
Portavoz do G.P. de Compostela Aberta